SERVIZO DE MICROBIOLOXÍA E PARASITOLOXÍA



O Servizo de Microbioloxía realiza un labor asistencial que non se limita a desenvolver un correcto labor técnico no seu laboratorio, senón que se proxecta cara a todo o hospital e ao resto comunidade; como servizo básico clínico é tamén unha unidade de xestión, con autonomía e responsabilidades propias na súa organización interna, orientación da súa actividade e manexo de recursos.

O Servizo de Microbioloxía atópase actualmente localizado en dous hospitais do CHUS, estes laboratorios están situados fisicamente na planta primeira do Hospital de Conxo (400 m2) e na planta -3 do Hospital clínico de Santiago (1.200 m2).

O laboratorio do Hospital Clínico permanece aberto de 8:00 a 22:00 todos os días do ano, realizando en horario de 15:00-22:00 e festivos, determinacións urxentes e seguimento de técnicas que o precisen. Durante este tempo de garda, unha parte da carga asistencial oriéntase á produción de informes preliminares, que actualmente se incorporan ao IANUS e que teñen un importante impacto nas decisións clínicas, devanditos informes implican con frecuencia a comunicación e valoración de pacientes co clínico implicado.

O Servizo de Microbioloxía e Parasitoloxía Clínica do Hospital Clínico de Santiago de Compostela proporciona información eficaz para a prevención, diagnóstico, tratamento e seguimento das enfermidades de orixe infeccioso. Además da actividade asistencial realiza actividade docente e de investigación. Utilízanse os últimos avances científicos nos campos da bacterioloxía, viroloxía, micoloxía e parasitoloxía, además das metodoloxías clásicas de cultivos, antibiogramas, seroloxía e outras. O Servizo de Microbioloxía Clínica ten como misión realizar o diagnóstico microbiolóxico requerido polos facultativos e persoal sanitario especializado tendo por obxectivo final o bo servizo aos doentes.

Unidades Funcionais

O laboratorio de Microbioloxía estructúrase nas seguintes áreas:

- Área de Bacterioloxía que se subdivide á súa vez en distintos eidos funcionais:
  - Respiratorio
  - Hemocultivos e dispositivos intravasculares
  - Bacterioloxia xeral (mostras cirúrxicas, líquidos estériles, exsudados)
  - Urinocultivos
  - Dixestivo
  - Infeccións de transmisión sexual
  - Estudos de sensibilidade antimicrobiana
- Área Micobacterias, que é o laboratorio galego de referencia para o estudo da tuberculose.
- Área Micoloxía
- Area Viroloxía
- Area de Parasitoloxía
- Area de Control Microbiolóxico

Ordenar

Sen agrupar 6

Buscar nesta sección...

Carteira de servizos do Servizo de Microbioloxía e Parasitoloxía

Compromisos e Indicadores do Servizo de Microbioloxía e Parasitoloxía

Docencia no Servizo de Microbioloxía e Parasitoloxía

Investigación no Servizo de Microbioloxía e Parasitoloxía

Localización / Contacto do Servizo de Microbioloxía e Parasitoloxía

Mision, visión e valores do Servizo de Microbioloxía e Parasitoloxía

Organigrama e mapa de procesos do Servizo de Microbioloxía e Parasitoloxía

Política de comunicación de resultados

Principais calidades do Servizo de Microbioloxía e Parasitoloxía

Produción científica do Servizo de Microbioloxía e Parasitoloxía

Clasificación

Categorías:

- Público, Cidadanía, Profesionais
- Temas, Oferta asistencial, Servizos sanitarios, Información sobre saúde, Enfermidades epidémicas, Enfermidades infecciosas